

ÉXITO DE PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA DE DOAZÓN DESENVOLVIDA NA COMISARÍA DA POLICÍA NACIONAL EN SANTIAGO

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) quere salientar o excelente resultado de participación na campaña de doazón de sangue que o martes 16 de decembro tivo lugar nas inmediacións da Comisaría da Policía Nacional de Santiago de Compostela. Ao longo da xornada, acadáronse 20 doazóns, oito das cales correspóndense con persoas que doaban por vez primeira.

A ADOS quere salientar o seu recoñecemento á comisaria xefe da Policía Nacional, Nuria Palacios Ibán, en Santiago polas facilidades amosadas para o desenvolvemento desta campaña, agradecemento que fai extensivo a todas as persoas que onte adicaron 15 minutos do seu tempo para doar sangue e, deste xeito, contribuír a salvar vidas.